entre outras actuacións, a elaboración de informes por petición deles, a expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do tributo e/ou a cesión informática dos datos sinalados.

## Disposicións derradeiras

**Primeira.-Habilitación para a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.**

A Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma poderá modificar calquera elemento do imposto.

**Segunda.-Habilitación normativa.**

A Xunta de Galicia ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario desta lei, e autorízase á consellaría competente en materia de facenda para aprobar as disposicións que sexan precisas para a aplicación deste tributo.

**Terceira.-Entrada en vigor.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o tributo comezará a esixirse a partir do primeiro trimestre natural que dea comezo tras a súa entrada en vigor.